

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Cando a cesión de datos de carácter persoal relativos á saúde sexa necesaria para realizar estudos epidemiolóxicos nos termos establecidos na lexislación sobre sanidade estatal ou autonómica ...

- A) Non será preciso o consentimento
- B) Será preciso o consentimento
- C) Autorizarase polo órgano competente da Comunidade Autónoma de residencia
- D) Será autorizado pola Consellería de Sanidade previo dictamen favorable do Ministerio de Sanidade

2. Indique a resposta FALSA. A vixilancia da saúde sempre deberá ...

- A) Prolongarse máis aló do remate da relación laboral cando o faga necesario a natureza dos riscos inherentes ao traballo
- B) Ser voluntaria
- C) Ser confidencial
- D) Ser periódica

3. As causas de incompatibilidade que afecten aos postos que se desempeñen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia serán ...

- A) As aplicables aos membros do Congreso dos Diputados
- B) Determinadas por unha lei do Parlamento de Galicia
- C) Fixadas por un Decreto do Consello da Xunta
- D) As aplicables no capítulo correspondente da Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

4. De conformidade co artigo 46 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade son características fundamentais do Sistema Nacional de Saúde... . Sinala a opción INCORRECTA:

- A) A organización adecuada para prestar unha atención integral á saúde, comprensiva tanto da promoción da saúde e prevención da enfermidade como da curación e rehabilitación
- B) A coordinación e, de ser o caso, a integración de todos os recursos sanitarios públicos nun dispositivo único
- C) A promoción da participación comunitaria no seo das áreas de saúde
- D) A financiación das obrigas derivadas da Lei Xeral de Sanidade realizarase mediante recursos das Administracións Públicas cotizacións e taxas pola prestación de determinados servizos

5. En relación co persoal estatutario regulado no Estatuto Marco, indique cal das seguintes afirmacións é CERTA:

- A) O seu sistema retributivo estrutúrase en retribucións básicas e retribucións complementarias, ambas as dúas determinadas por cada servizo de saúde en idénticas contías
- B) O persoal facultativo especialista de área clasifícase dentro do persoal sanitario con formación universitaria e título de especialista en ciencias da saúde
- C) A xornada non realizada por causas imputables ao interesado sancionárase mediante a correspondente dedución proporcional de haberes
- D) Prestar servizos baixo outro réxime xurídico ou ser suspendido/a de funcións non son situacións administrativas do persoal estatutario

6. Cal das seguintes respostas é CERTA en relación co documento de instrucións previas?

- A) Non se aplicarán as instrucións previas que non se correspondan co suposto de feito previsto polo/a outorgante no momento de manifestalas
- B) Deberán formalizarse ante 3 testigos ou ante notario
- C) No documento de instrucións previas pódese manifestar a vontade sobre o destino que se quere dar ao propio corpo unha vez chegado o falecemento
- D) Todas as respostas son correctas

7. Cal dos seguintes principios reitores conforma o Sistema Sanitario Público de Galicia?

- A) A procura da súa suficiencia financeira e de medios
- B) A coordinación dos recursos sanitarios, sociosanitarios e de saúde laboral
- C) A promoción do equilibrio territorial no acceso e prestación dos servizos sanitarios
- D) Todos os anteriores son principios informadores

8. O persoal facultativo especialista de área en comisión de servizos ...

- A) Atópase nunha praza vacante ou temporalmente desatendida
- B) Ten dereito á reserva da súa praza de orixe
- C) Pode participar en convocatorias para acceder a unha xefatura de servizo acreditando unha experiencia de 3 anos como mínimo na súa especialidade
- D) Todas as anteriores respostas son correctas

9. No réxime disciplinario establecido no Estatuto Marco, a omisión de solicitar a compatibilidade considérase unha ...

- A) Falta leve
- B) Falta moi grave cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade
- C) Falta grave cando os 2 postos de traballo sexan incompatibles
- D) Falta grave en todos os casos

10. Conforme ao Decreto legislativo 2/2015 que refunde a lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade...

- A) As persoas con fillos/as menores de 12 anos ou maiores dependentes que presten servizos na Administración pública galega e as mulleres xestantes terán dereito a elixir o período vacacional
- B) Quen estea utilizando ou utilizase, nos últimos 2 anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares, terá un dereito preferente a participar nos cursos formativos organizados pola Administración pública galega
- C) Con anterioridade a calquera oferta de emprego público analizarase se os requisitos exixidos ás persoas aspirantes determinan un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino
- D) As respostas b) e c) son certas

1. Indique cal das seguintes respostas é CERTA respecto da provisión de persoal conforme ao establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do SERGAS:

- A) Os procedementos anuais de mobilidade voluntaria estarán abertos ao persoal estatutario fixo e temporal do SERGAS
- B) Para participar nun concurso de traslados é preciso atoparse en situación de servizo activo e ter tomado posesión, alomenos dous anos antes
- C) Son sistemas de provisión de prazas, entre outros, a comisión de servizos, a mobilidade e a promoción interna
- D) A toma de posesión da nova praza deberá realizarse dentro dos 10 días seguintes ao de cesamento

2. Sinale cal é a resposta CORRECTA en relación co tempo de traballo e réxime de descansos regulados na sección 1ª do capítulo X do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Todas as seguintes respostas son correctas
- B) Son normas cuxo obxecto é o establecemento das disposicións mínimas para a protección da seguridade e saúde do persoal
- C) Cando unha xornada de traballo exceda de 6 horas continuadas deberá establecerse, durante a mesma, un período de descanso non inferior a quince minutos
- D) A xornada complementaria non terá en ningún caso a consideración nin o tratamento establecido para as horas extraordinarias

